



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ANUNCIO

CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2024 DO CONCELLO DE BETANZOS.

EXPEDIENTE : 2024/A002/000005

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos en data 28 de novembro de 2024 , aprobouse a convocatoria, as “BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS EXERCICIO 2024 DO CONCELLO DE BETANZOS” e os modelos normalizados de solicitude e xustificación.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS EXERCICIO 2024.

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Betanzos, convócanse as presentes axudas na área de Servizos Sociais, para o exercicio 2024.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.

O Concello de Betanzos quere, pola presente convocatoria, dar apoio para fomentar as actividades que no eido dos Servizos Sociais promovan asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Betanzos, contribuíndo á consecución de actuacións que de xeito prioritario se dirixan á poboación máis desfavorecida.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello de Betanzos lle outorgará, mediante concorrencia competitiva, polo procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Destinaranse 22.000,00 euros ás subvencións para actividades sociais con cargo á aplicación orzamentaria 231/489.00

2.- RÉXIME XURÍDICO.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.-

Bases de execución do orzamento para o ano 2024.

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, publicada no BOP número 22 de 2 de febreiro de 2022.

Ordenanza para o impulso da lingua galega do Concello de Betanzos aprobada no BOP número 240 de 21 de decembro de 2016.

3.- BENEFICIARIOS.

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e coa documentación actualizada.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Betanzos ou sobre temas de interese para o Concello.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións nin dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

□ Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

4.- CONDICIÓN E OBRIGAS.

- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.
- As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración e patrocinio prestado polo Concello de Betanzos en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades subvencionados e na súa páxina web.
- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 80% do orzamento de gastos presentado.

5.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal. (sede.betanzos.gal)

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (sede.betanzos.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de dez días naturais.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación

5.1.- Documentación xeral da entidade.

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do representante.
- Certificado expedido polo Secretario/a da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo órgano de Goberno, polo cal se decide solicitar a subvención.
- Declaración responsable do/a representante da entidade de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello, co compromiso de presentar os correspondentes certificados en caso de ser beneficiaria de subvención e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

entidades solicitantes, o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Betanzos.

- Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

- No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto

- Certificado de conta bancaria.

5.2.- Documentación específica da subvención en función da tipoloxía da entidade.

a. Modelo de solicitude da sede electrónica (sede.betanzos.gal).

b. Anexo I de memoria de actividades para as que se solicita a axuda

c. Anexo II de declaracións responsables (que inclúe o certificado de acordo da entidade para solicitar a axuda e a designación da persoa representante).

d. Anexo III de memoria económica dos proxectos para os que se solicita a axuda.

g. Certificado do secretario da entidade do número de socios/as actualizado.

5.3 .- Documentación xustificativa da subvención.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Deberá presentarse partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará aos 10 días hábiles desde a concesión, ás 14:00 horas. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberase solucionar no prazo de dez días naturais dende a recepción do requirimento. O presuposto subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

a. Relación clasificada dos gastos realizados, asinada polo/pola secretario/secretaria da entidade, co visto e prace do seu/súa presidente/a e con identificación dos/das acredores/as (nome da empresa e CIF ou, de ser o caso, nome, apelidos completos e NIF), dos conceptos de gasto (finalidade, nº de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión), e data de pagamento. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado e a súa relación co obxecto da subvención.

b. Xustificantes do gasto: achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. As facturas deberán estar emitidas a nome da entidade beneficiaria da axuda.

c. Xustificantes de pago: as facturas ou documentos xustificativos deben estar efectivamente pagados. A documentación que se require para acreditar o pago é a seguinte:

Pagamento por transferencia: resgardo da transferencia realizada, emitido pola entidade financeira.

Pagamento por domiciliación bancaria: resgardo da entidade financeira do débito na conta da entidade beneficiaria.

Pagamento por cheque: copia do cheque emitido a nome do/a provedor/a acompañado de xustificante de cargo do mesmo na conta da entidade beneficiaria.

No caso de gastos de persoal: deberase presentar a xustificación do pago das cotizacións á Seguridade Social, a xustificación do pagamento das retencións por concepto de IRPF e a xustificación do pago da nómina, a través de calquera das formas descritas nos apartados anteriores. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

inicial, e con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1 Poderán ser obxecto de subvención as accións de servizos sociais puntuais ou anuais dirixidas a:

- Comunidade.
- Familia, infancia e mocidade.
- Discapacidade.
- Vellez.
- Persoas racializadas
- Colectivo LGTBIQ+
- Igualdade
- Conductas aditivas
- Minorías étnicas.
- Problemáticas de exclusión social.
- As dirixidas a accións de carácter formativo ou asistencial.

6.2 Son gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza do programa/ actividade subvencionada que se realicen no ano 2024 e que sexan efectivamente pagados antes do remate do período de xustificación. Excepcionalmente, admitiranse os pagos dos impostos devengados no último trimestre do ano, pero cuxo pago deba realizarse no mes de xaneiro do exercicio seguinte, sempre que o gasto se refira ao período subvencionable.

6.2.1 As axudas económicas concedidas poderán destinarse aos conceptos e/ou gastos correntes directamente relacionados coa realización do programa ou actividade que poden ser, entre outros:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Retribucións e gastos de persoal relacionado coa actividade subvencionada.
- Gastos xerais de mantemento da entidade (aluguer de locais, subministros, etc.). Estes gastos nunca poderán ser superiores ao 15% dos gastos directos da actividade ou programa.

Excepto para aquelas entidades que soliciten a axuda para contribuír aos gastos xerais de mantemento. Neste caso os gastos non poderán exceder o 60% .

De superar esta porcentaxe, na valoración só se terá en conta o gasto ata dita porcentaxe.

- Gastos de seguros de accidentes ou responsabilidade civil a efectos da realización da actividade ou programa.

6.2.2 Non se considerarán gastos subvencionables:

- As actividades financiadas polo Concello de Betanzos.
- Os gastos e pagos realizados fóra do prazo de xustificación ou de execución do programa ou actividade, (a excepción dos pagos referidos no paragrafo primeiro desta base).
- As inversión e obras de infraestrutura.
- As viaxes ou gastos derivados das mesmas e compra de agasallos.
- Así como calquera outro gasto que non teña relevancia no eido dos SS.SS.

7.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da alcaldía, e segundo o procedemento Concesión provisional/definitiva previsto nas bases desta convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito dos servizos sociais obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que non acaden un mínimo de 40 puntos. A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

7.1- CONCEPTOS DE VALORACIÓN COMÚNS ÁS TRES MODALIDADES:

A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de 100 puntos:

– En relación co proxecto: ata 50 puntos

1. Relevancia social do problema: máximo 10 puntos

– moi relevante ou urxente: 10 puntos

– relevante pero sen urxencia: 5 puntos

– nada relevante: 0 puntos

2. Compatibilidade coas competencias municipais: máximo 10 puntos

– compatible: 10

– non compatible: 0

3. Número previsible beneficiarios: máximo 20 puntos

– +100 participantes: 20 puntos

– Entre 50 e 100 participantes: 10 puntos

– Entre 0 e 50 participantes: 5 puntos

4. Sostemento no tempo: máximo 10 puntos

– Programas ou actividades a curto prazo: 5 puntos



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Programas ou actividades a longo prazo: 10 puntos
- En relación coas características da entidade: ata 35 puntos
- 1. Especialidade da entidade en atención ao colectivo que se dirixe a actuación: máximo 10 puntos
 - Especialización nesa área: 10 puntos
 - Non especializados nesa área: 5 puntos
- 2. Antigüidade na Constitución da entidade: máximo 15 puntos
 - De 1 a 5 anos de traxectoria: 5 puntos
 - De 5 a 20 anos de traxectoria: 10 puntos
 - + de 20 anos: 15 puntos
- 3. Estrutura e capacidade de xestión: máximo 10 puntos
 - Recursos Humanos propios: 5 puntos
 - Medios materiais propios: 5 puntos
 - Participación social e voluntariado: 5 puntos
 - Número de mulleres nas entidade: máximo 5 puntos
 - Representación mínima do 33% de mulleres na Xunta directiva: 2.5puntos
 - Representación mínima do 33% de mulleres no persoal vinculado coa actividade subvencionada: 2.5puntos.
 - Entidades inscritas no rexistro municipal de entidades: 5 puntos

8.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A resolución definitiva notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias e se abre un prazo de alegacións de 10 días hábiles a partir do día da recepción.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Administracións Públicas, contra dita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9. PAGAMENTO

Unha vez resolta a solicitude da subvención realizarase o pagamento do 80% da contía da axuda concedida en concepto de pagamento anticipado. A renuncia ao anticipo efectuarase de forma expresa no momento da solicitude ou, en calquera caso, antes da notificación da resolución.

Conforme ao artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagos anticipados, non se esixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias das subvencións.

O pago do 20 % restante, ou da totalidade da subvención no caso de renuncia ao anticipo, efectuarase á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Servizos Sociais e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento restante.

Para o cobro da subvención as entidades deberán achegar acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, mediante certificado expedido polos órganos competentes das ditas administracións. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

10. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

O dereito ao cobro da subvención perderase no caso de que non se xustifique o cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución definitiva, das obrigas recollidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no art. 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

na normativa aplicable. Esta situación suporá a obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

O dereito ao cobro da axuda concedida perderase, coa apertura dun expediente sancionador, nos seguintes casos:

Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

Non comunicar ao Concello de Betanzos a obtención doutras subvencións ou axudas para os mesmos conceptos subvencionados nesta convocatoria.

Non comunicar ao Concello de Betanzos a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

Non xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións da subvención nin xustificar a realización da actividade e a finalidade subvencionadas.

Non permitir as actuacións de comprobación que precise o Concello de Betanzos, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Municipal, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas.

Non dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente comprobados, nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma”.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo caso o non disposto nestas bases seranlle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas. O igual que o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o seu regulamento así como a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Betanzos, 28.11.2024

A alcaldesa

María Barral Varela



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

AXUDAS A ENTIDADES SOCIAIS EXERCICIO 2024 (SOLICITUDE)

DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A

NOME DA ASOCIACIÓN

CIF

TELÉFONO/S

ENDEREZO

CIDADE

PROVINCIA

C.P:

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS

NIF

TELÉFONO/S

ENDEREZO

CIDADE

PROVINCIA

C.P.

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN ANEXADA A SOLICITUDE:

- a) Fotocopia do CIF da asociación.
- b) Fotocopia do DNI do presidente/a da asociación ou representante.
- c) Acreditación da representación.
- d) Certificado expedido polo Secretario/a da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo órgano de Goberno, polo cal se decide solicitar a subvención.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

e) Declaración responsable do/a representante da entidade de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello, co compromiso de presentar os correspondentes certificados en caso de ser beneficiaria de subvención e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes, o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Betanzos.

f) Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria.

g) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

h) No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

i) Certificado de titularidade de conta bancaria.

k) Anexo I de memoria de actividades para as que se solicita a axuda

l) Anexo II de declaracións responsables (que inclúe o certificado de acordo da entidade para solicitar a axuda e a designación da persoa representante).

m) Anexo III de memoria económica dos proxectos para os que se solicita a axuda.

n) Certificado do secretario da entidade do número de socios/as actualizado.

Solicita o anticipo SI NON

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE DECLARA/AUTORIZA:

a) Declara que é unha entidade sen ánimo de lucro.

b) Autorizo ao Concello de Betanzos para a comprobación e obtención dos certificados de estar ao orde do día coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co propio Concello de Betanzos.

c) Declara que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Lei 38/2033, Xeral de Subvencións, nin dos supostos de incompatibilidades ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, o igual que declara non estar incurso en causa de obriga de reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003.

d) Declaración responsable de que para os mesmos fins que os da subvención concedida polo Concello no se obtivo ningunha subvención.

e) Declara o emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

Para os mesmos fins solicita subvención de outra administración SI NON

Administración financiadora

Contía

Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivacións:

Fun informado de que este concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos.
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional.

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Información Adicional		Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal
LUGAR	DATA	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<p>O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.</p>		
<input type="text"/>		



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

AXUDAS A ENTIDADES SOCIAIS EXERCICIO 2024 (XUSTIFICACIÓN)			
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A			
NOME DA ASOCIACIÓN			
<input type="text"/>			
CIF	<input type="text"/>	TELÉFONO/S	<input type="text"/>
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CIDADE	<input type="text"/>	PROVINCIA C.P:	<input type="text"/>
ENDEREZO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS			
<input type="text"/>			
NIF	<input type="text"/>	TELÉFONO/S	<input type="text"/>
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CIDADE	<input type="text"/>	PROVINCIA C.P.	<input type="text"/>
ENDEREZO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			
DOCUMENTACIÓN ANEXADA A SOLICITUDE:			
<input type="checkbox"/> a) Relación clasificada de gastos asinada polo secretario e cumprindo os criterios da base 5.3 a) as bases.			
<input type="checkbox"/> b) Xustificantes de gasto			
<input type="checkbox"/> c) Xustificantes de pago			



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

- d) Certificado AEAT, ATRIGA e Seguridade Social
- e) Acreditación gráfica da colaboración do Concello de Betanzos.

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE DECLARA/AUTORIZO:

- a) Declara que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- b) Autorizo ao Concello de Betanzos para a comprobación e obtención dos certificados de estar ao orde do día coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co propio Concello de Betanzos.

Para os mesmos fins obtivo subvención de outra administración SI NON
Administración financiadora

Contía

Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivacións:

Fun informado de que este concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos.
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interes público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 7/1985, de 2

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

	de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.	
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.	
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional.	
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal	
LUGAR	DATA	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<p>O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.</p>		
<input type="text"/>		